


PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O GALEGO É MÚSICA

CMUS XAN VIAÑO DE FERROL



1 Título

O galego é música

2 Introducción

O galego é música é un proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística do CMUS Xan Viaño de Ferrol que busca a promoción da nosa lingua a través da visualización da música de intérpretes e compositoras e compositores de Galicia.

2.1 Contextualización. Análise da situación sociolingüística do centro

A nosa contorna sociolingüística é principalmente castelanfalante, así que é preciso mellorar as competencias comunicativas do alumnado en galego e incrementar as accións orientadas a promover o seu uso e fomentar que as persoas neofalantes adopten este idioma e o defendan como símbolo de identidade da nosa cultura. A través deste proxecto queremoslle ofrecer á comunidade educativa unha imaxe actual do galego, vinculada tanto ás novas tecnoloxías como ao noso patrimonio artístico cultural.

2.1.1 A contorna sociolingüística do centro

O CMUS Xan Viaño está situado na localidade de Ferrol e comprende unha zona educativa urbana que responde a unha contorna sociolingüística castelanfalante. O centro está localizado no barrio de Caranza e, aínda que a totalidade das familias entende os dous idiomas, fala principalmente o castelán. Hai que ter en conta que Ferrol é unha zona con importante tradición e actividade das Forzas Armadas, precisamente moi próximas as instalacións do noso centro, o que favorece a chegada de persoal de fóra de Galicia que non fala o galego.

2.1.2 A situación do profesorado

A situación lingüística do profesorado é moi desigual en función do plano do que se estea a falar. No plano escrito, o profesorado emprega o galego sen problemas. O desaxuste atopámolo á hora de utilizar o galego dun xeito oral, xa que unha parte importante do claustro é de fóra da nosa Comunidade Autónoma e emprega como primeira lingua o castelán. A enquisa realizada no mes de novembro, na que participaron voluntariamente 25 docentes, ofrécenos entre outros, os seguintes datos:

- En que lingua aprendiches a falar?
 - 60 % Castelán
 - 20 % As dúas linguas
 - 16 % Galego
- En que lingua falas habitualmente?
 - 40 % Castelán
 - 20 % As dúas linguas por igual

- 24 % Galego
 - 16 % Máis castelán que galego
- Que lingua empregas no conservatorio?
- 36 % A lingua que me fala o/a alumno/a
 - 20 % O castelán
 - 20 % O galego
 - 12 % As dúas linguas por igual
 - 8 % Máis en castelán que en galego

Conforme o recollido na enquisa, o castelán é a lingua empregada habitualmente pola maioría do profesorado enquisado e tamén a lingua nai predominante.

2.1.3 A situación do alumnado

O noso alumnado usa fundamentalmente o castelán para relacionarse entre si e co profesorado. A maior parte pertence ao Concello de Ferrol e de Narón, que son os dous grandes núcleos urbanos e que principalmente son castelanfalantes. Na enquisa que deseñou o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) e que realizou en novembro todo o alumnado do conservatorio, recolléronse entre outros os seguintes datos:

En que lingua aprendiches a falar?

- Alumnado de Grao Elemental (GE)
- 45 % Castelán
 - 45 % Nas dúas linguas
 - 8 % Galego
 - 3 % Noutra lingua
- Alumnado de Grao Profesional (GP)
- 54 % Castelán
 - 39 % Nas dúas linguas
 - 5 % Galego
 - 2 % Noutra lingua

En que lingua falas habitualmente?

- Alumnado GE
- 50 % Castelán
 - 32 % Máis castelán que galego
 - 11 % As dúas linguas por igual
 - 5 % Máis galego que castelán
 - 3 % Galego
- Alumnado GP
- 50 % Castelán
 - 41 % Máis castelán ca galego
 - 5 % As dúas linguas por igual
 - 2 % Máis galego ca castelán

- 1 % Galego

Que lingua empregas no conservatorio?

- Alumnado GE

- 75 % Castelán
- 14 % A lingua que me fala o profesor/a
- 6 % Máis castelán ca galego
- 4 % Galego
- 2 % As dúas linguas por igual

- Alumnado GP

- 47 % Castelán
- 30 % Lingua na que me fala o/a profesor/a
- 14 % Máis castelán ca galego
- 6 % As dúas linguas por igual
- 3 % Máis galego ca castelán.

Os resultados indican claramente que o galego está nunha situación moi delicada entre o noso alumnado e que o castelán é a lingua predominante. O uso do galego é minoritario, de modo que debemos centrarnos na busca de iniciativas que axuden a que o noso alumnado se reencontre coa lingua galega.

2.1.4 A situación lingüística do centro

Respecto ao noso centro, o galego está presente como lingua administrativa e na documentación, e tamén na docencia. Podemos dicir que a parte correspondente á lingua galega escrita témola que valorar de forma positiva, xa que se cumpren os obxectivos. Tamén a aula virtual, os blogs e a páxina web do centro están en galego. É, por tanto, na oralidade onde temos que poñer todos os nosos esforzos, para dinamizarmos o seu emprego.

2.2 Xustificación do proxecto

O galego é música é un proxecto que busca a promoción da nosa lingua e da nosa cultura a través da visualización de intérpretes e compositoras/es de Galicia. Nos nosos auditorios e conservatorios apenas se programan obras creadas por compositoras e compositores nados en Galicia, así que é preciso sacar á luz todo este valioso patrimonio cultural oculto e incluílo nas nosas ensinanzas. Cómpre mantermos viva a memoria e a obra dos compositores e das compositoras da historia de Galicia e proxectarmos as novas figuras do panorama musical, que forman parte da bagaxe artística e cultural galega e que lamentablemente moitas veces son descoñecidas e incluso esquecidas. A través deste proxecto de innovación, pretendemos aproximarnos a estas figuras galegas, poñer en valor a súa obra e achegarlles as súas creacións ao noso alumnado —os/as futuros/as músicos/as galegos/as—, así como tamén a toda a sociedade e ao panorama musical actual do mundo enteiro.

Para acadarmos os obxectivos propostos, faremos un percorrido a través da nosa historia musical (desde a Idade Media ata a actualidade) e levaremos á práctica o aprendido coa interpretación desa música galega que merece ser recoñecida e escoitada. Empregaremos e potenciaremos en todo momento o uso do galego a través das novas tecnoloxías, para visualizar tanto a nosa lingua como a música galega nas redes sociais e plataformas dixitais.

Este proxecto desenvolverase con alumnado tanto de Grao Elemental como de Grao Profesional, con distintas actividades e con iniciativas adaptadas ás súas idades.

3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Incrementar o uso do galego oral entre o alumnado do noso conservatorio.
- Potenciar o uso e valoración da lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación e mediante actividades e produtos, materiais e recursos con formatos atractivos para a xente nova.
- Estender o emprego da lingua en espazos e temas asociados á modernidade (sobre todo a través das ferramentas TIC).
- Divulgar entre a comunidade educativa os resultados do proxecto e a súa repercusión na dinamización da lingua.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente, tanto dentro da aula como nas relacións con toda a comunidade educativa, e favorecer a transmisión interxeracional.
- Achegarlle a lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega ao alumnado procedente do estranxeiro e ás súas familias e, en xeral, incrementar o uso e valoración da lingua galega entre o alumnado neofalante.
- Construír unha imaxe positiva do galego.
- Visualizar o galego nas redes sociais e nas plataformas dixitais máis utilizadas pola xente nova (Twitter, Facebook...).
- Visualizar e promover a lingua e a música galega como riqueza cultural e artística propia, que debe ser recoñecida e valorada.

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

Para acadar estes obxectivos, deseñamos as seguintes actividades:

DESIGNACIÓN DAS AULAS DO CMUS XAN VIAÑO CON NOMES DE COMPOSITORES/AS E MÚSICOS/AS GALEGAS

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Designación das aulas do CMUS Xan Viaño con nomes de compositores/as e músicos/as de Galicia	Grupo de traballo Proxecto EDLG Consello Escolar	Toda a comunidade educativa	O 100 % das aulas levan o nome de compositores/as ou músicos/as galegos	X		
Realización dos carteis e colocación dos nomes nas aulas	Grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Todas as aulas nomeadas polo Consello Escolar teñen un cartel co seu nome	X	X	
Entrada no blog do EDLG con traballo ou vídeo en lingua galega sobre a figura homenaxeada con información relevante sobre a súa vida e obra	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Publicación no blog do EDLG	X	X	X
Creación e colocación dun código QR en cada porta con información dos/das compositores/as ou músicos/as galegos	Coordinador grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	O 70 % das aulas teñen un código QR		X	X
Difusión da actividade nas redes sociais	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa A contorna de Ferrol	A actividade está publicada en galego nas redes sociais e prensa	X	X	X

PROGRAMACIÓN DE OBRAS DE COMpositorAS E COMpositorES GALEGOS DENTRO DO REPERTORIO DO ALUMNADO, TANTO DE GRAO ELEMENTAL COMO GRAO PROFESIONAL

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Programación de obras de compositores/as galegos no repertorio do alumnado	Profesorado EDLG Consello Escolar	Alumnado de GE e GP	O 60 % do alumnado interpreta unha obra dun/ha compositor/a ou músico/a galego	X	X	X
Listaxe de obras de compositores galegos traballadas durante o curso	Grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Realización dunha listaxe de obras galegas programadas, incluída na memoria de fin de curso.			X
Inclusión de obras de compositores/as galegos/as dentro do repertorio orientador das programacións didácticas.	Profesorado Departamentos Didácticos	Profesorado Alumnado GE e GP	As obras galegas traballadas incorpóranse ao repertorio das programacións e constan nas actas de departamento e nas programacións didácticas	X	X	X
Adquisición de fondos de obras creadas por compositores/as galegos/as de diferentes especialidades e composicións instrumentais, para a biblioteca	Profesorado Equipo de Biblioteca Grupo de traballo	Profesorado Alumnado	Novos fondos de obras de compositores/as galegos/as na biblioteca. Adquírense polo menos 15 partituras novas de compositores/as galegos/as.			X

CONCERTO DIDÁCTICO *RESOANDO NO PASADO* DE ABRAHAM CUPEIRO

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Concerto didáctico <i>Resoando no pasado</i> , do músico galego Abraham Cupeiro, o 16 de decembro, no que, a través da nosa lingua e música, viaxamos polo mundo e pola historia	Grupo de traballo Proxecto EDLG	Toda a comunidade educativa	O 75 % da capacidade do auditorio está completo para o concerto.	X		
Presentación en galego do concerto, a cargo do alumnado	Grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Presentación oral en galego no comezo do concerto	X		
Entrada no blog do EDLG cunha crítica e fotos do concerto	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Publicación e valoración do concerto no blog do EDLG	X		
Difusión da actividade nas redes sociais	Coordinador grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada en galego nas redes sociais	X		

CONFERENCIA DA COMPOSITORA GALEGA SOFÍA ORIANA INFANTE						
ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Conferencia da compositora galega Sofía Oriana Infante, o 13 de xaneiro	Grupo de traballo Proxecto EDLG	Toda a comunidade educativa	O 50 % da capacidade do auditorio está completo para a conferencia		X	
Presentación da conferencia a cargo do alumnado en galego	Grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Presentación oral en galego ao comezo da conferencia		X	
Entrada no blog do EDLG cunha crítica e fotos da conferencia	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Publicación e valoración no blog do EDLG		X	
Difusión da actividade nas redes sociais e prensa	Coordinador grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada nas redes sociais e prensa		X	

CONFERENCIA DA GUITARRISTA E INVESTIGADORA GALEGA ISABEL REI

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Conferencia e concerto de Isabel Rei sobre a guitarra en Galiza, o 28 de xaneiro	Grupo de traballo do proxecto EDLG	Toda a comunidade educativa	O 50 % da capacidade do auditorio está completo para a conferencia.		X	
Presentación da conferencia a cargo do alumnado en galego	Grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Presentación oral en galego ao comezo da conferencia		X	
Entrada no blog do EDLG cunha crítica e fotos da conferencia	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Publicación da valoración no blog do EDLG		X	
Difusión da actividade nas redes sociais e prensa	Coordinador grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada nas redes sociais e prensa		X	

ENTREVISTA AO COMPOSITOR GALEGO SIMÓN GARCÍA

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Charla / entrevista co compositor galego Simón García, a cargo do alumnado de contra baixo, o 21 de xaneiro	Grupo de traballo Proxecto EDLG	Toda a comunidade educativa	O 50 % da capacidade do auditorio está completo para a conferencia. Participan a entrevista polo menos 5 alumnos/as de contra baixo		X	
Entrada no blog do EDLG cunha crítica e fotos da conferencia	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Publicación no blog do EDLG.		X	
Difusión da actividade nas redes sociais e prensa	Coordinador grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada nas redes sociais e prensa		X	

CONFERENCIA DA COMPOSITORA GALEGA ERMITAS GARCÍA RÍOS

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Conferencia sobre mulleres compositoras, na que se tratará a temática da igualdade, a cargo da compositora galega Ermitas García, o 24 de marzo	Grupo de traballo Proxecto EDLG	Toda a comunidade educativa	O 50 % da capacidade do auditorio está completo para a conferencia			X
Presentación da conferencia a cargo do alumnado en galego.	Grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Presentación oral en galego no comezo da conferencia			X
Entrada no blog do EDLG cunha crítica e fotos da conferencia	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Publicación no blog do EDLG			X
Exposición realizada polo alumnado sobre a igualdade de xénero, centrada especialmente na música	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Realízase unha exposición na entrada do centro. Participa alumnado de polo menos tres especialidades			X
Difusión da actividade nas redes sociais e prensa	Coordinador grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada nas redes sociais e prensa			X

REALIZACIÓN DE VÍDEOS BIOGRÁFICOS SOBRE COMPOSITORES/AS GALEGOS/AS

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Realización de vídeos biográficos sobre a figura de diferentes compositores/as de Galicia	Grupo de traballo Proxecto	Toda a comunidade educativa	Realización de polo menos 10 vídeos sobre figuras galegas	X	X	X
Realización de gravacións do alumnado mentres interpreta algunha das súas pezas.	Grupo de traballo EDLG Profesorado	Toda a comunidade educativa	Realización de polo menos 10 gravacións do alumnado	X	X	X
Creación de códigos QR para cada vídeo.	Coordinador grupo de traballo	Toda a comunidade educativa	Realización do 100 % dos códigos QR para os vídeos	X	X	X
Publicación do produto final, en redes sociais, YouTube, Facebook e no blog con fins pedagóxicos.	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada nas redes sociais e prensa.	X	X	X

REALIZACIÓN DUNHA ENTREVISTA E CONCERTO AO ACORDEONISTA MANUEL COCIÑA						
ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Realización dunha entrevista ao músico e <i>luthier</i> Manuel Cociña, que lle dá nome á aula de acordeón	Grupo de traballo Proxecto Equipo TIC	Toda a comunidade educativa	Gravación e edición do vídeo		X	X
Publicación do produto final, nas redes sociais, YouTube, Facebook e no blog con fins pedagóxicos	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada en galego nas redes sociais e prensa			X
Proxección do vídeo da entrevista e realización dun concerto no conservatorio	Grupo de traballo EDLG Equipo TIC	Toda a comunidade educativa	A capacidade do auditorio está ao 50 %			X

REALIZACIÓN DUN VÍDEO NO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO						
ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Realización dun vídeo do poema "Cantarte hei, Galicia" de Rosalía de Castro, protagonizado polo alumnado de 6º GP, con música do galego Andrés Gaos, o 23 de febreiro	Grupo de traballo Proxecto EDLG	Toda a comunidade educativa	Gravación e edición do vídeo		X	
Publicación do produto final, nas redes sociais, YouTube, Facebook e no blog con fins pedagóxicos	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada en galego nas redes sociais		X	

CONCURSO RETOS MUSICAIS						
ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	TEMPORIZACIÓN		
				1º T	2º T	3º T
Organización do concurso Retos musicais, en colaboración co Equipo de Biblioteca	Equipo de Biblioteca Grupo de traballo do proxecto	Toda a comunidade educativa	Convocatoria do concurso nas redes sociais e Biblioteca		X	
Difusión dos resultados e gañadores/as nas redes sociais	Equipo da Biblioteca EDLG	Toda a comunidade educativa	Os resultados aparecen nos blogs, redes sociais		X	

REALIZACIÓN DUN RECITAL DE MÚSICA GALEGA, A CARGO DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO NO AUDITORIO DO CENTRO

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Recital de música galega o 16 de maio, a cargo do alumnado do conservatorio no auditorio do centro.	Grupo de traballo Proxecto Profesorado EDLG	Toda a comunidade educativa	Participa alumnado de polo menos 4 especialidades e diferentes graos			X
Presentación da obra e do seu autor ou autora, realizada polo propio alumnado	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Realización dunha presentación en galego a cargo do alumnado			X
Realización de carteis e programas	Grupo de traballo Proxecto	Toda a comunidade educativa	Deseño dos carteis e impresión de programas para o concerto			X
Realizarse a gravación do recital, para a súa edición e publicación nas redes sociais, YouTube, Facebook e no blog con fins pedagóxicos	Equipo TIC do centro	Toda a comunidade educativa	O recital é gravado e editado, para a súa publicación en redes sociais con fins pedagóxicos			X
Difusión da actividade nas redes sociais e prensa	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	A actividade está publicada en galego nas redes sociais e prensa			X

REALIZACIÓN DUN RECITAL DE MÚSICA GALEGA, A CARGO DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO, NO TEATRO JOFRE DE FERROL

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Recital de música galega o 17 de maio, a cargo do alumnado do conservatorio, no auditorio do centro	Grupo de traballo do proxecto EDLG Concello de Ferrol	Toda a comunidade educativa.	Participación de alumnado de polo menos seis departamentos didácticos e de diferentes graos			X
Presentación da obra e do seu autor ou autora, realizada polo propio alumnado	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa	Realización dunha presentación en galego a cargo do alumnado			X
Realización do cartel e programas	Grupo de traballo do proxecto	Toda a comunidade educativa	Deseño dos carteis e impresión de programas para o concerto			X
Realizarase a gravación do recital, para a súa edición posterior e publicación nas redes sociais, YouTube, Facebook e no blog con fins pedagóxicos	Equipo TIC do centro	Toda a comunidade educativa	O recital é gravado e editado, para a súa publicación nas redes sociais con fins pedagóxicos.			X
Difusión da actividade nas redes sociais e prensa	Grupo de traballo EDLG	Toda a comunidade educativa.	A actividade está publicada en galego nas redes sociais e prensa			X

PUBLICACIÓN NA REVISTA ANUAL <i>FALAMUS</i> DO CONSERVATORIO						
ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	INDICADORES	CALENDARIO		
				1º T	2º T	3º T
Publicación na revista anual <i>Falamus</i> , na que se compartirá un resumo de todo o acadado no proxecto	Grupo de traballo do proxecto EDLG CIFP de Leixa	Toda a comunidade educativa	Publicación na revista do proxecto O galego é música. Participa o profesorado, o alumnado e as familias		X	
Difusión da revista nas redes sociais	EDLG	Toda a comunidade educativa	A revista está publicada na web do centro, nos blogs e nas redes sociais		X	

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

- Traballar en equipo.
- Mellorar a planificación.
- Fomentar a comunicación e diálogo.
- Divulgar o proxecto.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- Ampliar o vocabulario musical en lingua galega.
- Difundir os resultados e produtos acadados.
- Implicar toda a comunidade educativa no proxecto.
- Empregar o galego como lingua vehicular de conferencias, concertos etc.
- Traballar nas iniciativas sempre desde a igualdade.
- Adaptar sempre as actividades ás necesidades específicas do alumnado.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

A metodoloxía será activa e participativa e constará das seguintes fases:

- 1 Posta en común dos coñecementos iniciais sobre a música galega e a súa situación desde os seus inicios ata a actualidade.
- 2 Investigación e busca de información (compositores/as, obras, partituras...).

- 3 Creación de producións audiovisuais empregando as ferramentas TIC e TAC, recitais de música galega, exposicións, concertos didácticos, conferencias, presentacións etc.
- 4 Divulgación do proxecto a través das redes sociais e medios de comunicación.

Todas estas fases realizaranse en galego, potenciando o traballo en equipo entre o alumnado e fomentando os valores democráticos, en especial a igualdade. Tamén teremos en conta a atención a diversidade en todas as iniciativas. De cara á programación de actividades, hai que recordar a gran diferenza de idade que hai entre o noso alumnado, desde nenos/as de 8 anos ata alumnado adulto. Como conservatorio de música, cómpre termos en conta tamén a natureza das nosas ensinanzas, onde prima sobre todo a parte práctica.

Durante todo o curso haberá información actualizada a través do blog do EDLG, dirixida tanto para o alumnado de GE como de GP. Nel publicaremos os traballos realizados polo alumnado dos diferentes cursos e especialidades, así como todas as iniciativas que vaian xurdindo en relación coa nosa lingua e a música galega.

Todas as actividades están deseñadas para poder realizarse de forma virtual se a situación sanitaria así o determina, empregando videoconferencias (Cisco Webex e Falemos), a aula virtual e o blog do EDLG.

6 Xestión e calendario

Xestionaremos as actividades e iniciativas ao longo dos tres trimestres. Hai que ter en conta que as clases no conservatorio comezan a finais de setembro e rematan o 13 de maio, de cara á programación temporal das actividades e á súa compatibilidade e harmonía co resto dos estudos do alumnado.

No 1º trimestre, realizaremos un estudo sobre os coñecementos iniciais sobre a música galega e comezaremos coas actividades e programación de obras de músicos/as galegos/as, empregando sempre a lingua galega, tanto o alumnado como o profesorado participante.

No 2º trimestre, seguiremos formando o alumnado a través de conferencias e concertos sobre a nosa lingua e os nosos músicos.

No 3º trimestre acadaremos o produto final do proxecto, que compartiremos nas redes sociais e o 17 de maio no teatro Jofre, en colaboración co Concello de Ferrol.

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

O proxecto presenta un importante grao de implicación da comunidade educativa e conta con docentes de diferentes departamentos do centro (Composición, Linguaxe Musical, Piano, Vento madeira, Corda fretada, Corda pulsada, Conxunto), tendo tamén o apoio do Equipo de Biblioteca, do Equipo de convivencia, do EDLG, do Equipo de TIC e do ANPA, que converten este proxecto nunha oportunidade de desenvolver accións innovadoras interdisciplinarias que impulsen a lingua e a música galega na nosa comunidade educativa.

Cómpre destacarmos a colaboración dos seguintes compositores/as, profesores/as e músicos/as de Galicia:

Participante	Actividade	Destinatarios
Abraham Cupeiro	Concerto didáctico	Entrada libre. Toda a comunidade educativa
Isabel Rei	Concerto - Conferencia	Entrada libre. Toda a comunidade educativa
Manolo Cociña	Entrevista e concerto	Entrada libre. Toda a comunidade educativa.
Simón García	Entrevista	Entrada libre. Toda a comunidade educativa
Sofía Oriana Infante	Conferencia	Entrada libre. Toda a comunidade educativa
Javier Vázquez Grela	Concerto de piano	Entrada libre. Toda a comunidade educativa

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

O grupo de traballo está formado por 10 profesores que son os encargados da organización das actividades, coordinación co alumnado e entrega de materiais didácticos. O repartimento de tarefas é o seguinte:

Profesorado grupo de traballo:	Especialidade	Tarefas dentro do proxecto
Javier Alama Constancio	Coordinador do proxecto EDLG Fagot	Coordinación Códigos QR Difusión nas redes sociais
Alma M ^a Cendán González	Coordinadora do EDLG Coordinadora de convivencia Piano	Coordinación Difusión nas redes sociais Autorizacións Vídeos Capacidade do auditorio

Alexandra Pita Evia	Piano EDLG Equipo de convivencia	Coordinación Planificación Comunicación
Catuxa Pita Evia	Linguaxe Musical EDLG	Deseño de carteis Vídeos
Iria Hevia Gómez	Secretaria Pianista acompañante	Control do orzamento Vídeos Compra de material
Judith Fernández Casero	Piano	Participación nas actividades Vídeos
Ermitas García Ríos	Fundamentos de composición	Conferencia Participación nas actividades Investigación
Águeda Gutiérrez Escudero	Coordinadora de GE Coordinadora de Biblioteca Guitarra	Adquisición e xestión de fondos en galego Organización dos retos musicais
Miguel Sancho Sancho	Xefe do Departamento de Piano Piano	Vídeos Programación de obras de compositores/as galegos/as
María Isabel Sanjuán Pérez	Xefa do Departamento de Corda fretada Violín	Vídeos Programación de obras de compositores/as galegos/as

7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

O alumnado participante supón o 100 % do centro, un total de 417 alumnas e alumnos. Están repartidos por graos e cursos da seguinte forma:

<ul style="list-style-type: none"> • 1º GE: 46 • 2º GE: 43 • 3º GE: 58 	<ul style="list-style-type: none"> • 4º GE: 47 • 1º GP: 32 • 2º GP: 52 	<ul style="list-style-type: none"> • 3º GP: 45 • 4º GP: 37 • 5º GP: 29 • 6º GP: 28
---	---	--

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Contamos coa colaboración das familias e de xeito especial co ANPA do conservatorio. Os conserxes do centro tamén son colaboradores asiduos.

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

- Partituras.
- Materiais de papelería: cartolinas, cores, folios, adhesivos, rotuladores, tesoiras, pegamento etc.
- Copias.
- Material de serigrafía.
- Máquina de plastificar.

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

Calendario	Título da actividade	Persoas destinatarias	Orzamento	Material necesario para a realización das actividades
1º Trimestre	Concerto didáctico de Abraham Cupeiro <i>Resoando no pasado</i>	Toda a comunidade educativa e a contorna.	20 €	Impresión de carteis e programas
1º, 2º e 3º Trimestre	Designación das aulas do CMUS Xan Viaño con nomes de compositores/as e músicos/as galegas.	Toda a comunidade educativa.	300 €	Material de papelería, fotocopias
1º, 2º e 3º Trimestre	Realización de vídeos biográficos sobre a figura de compositores/as e músicos/as galegos/as	Toda a comunidade educativa	100 €	Copias

Calendario	Título da actividade	Persoas destinatarias	Orzamento	Material necesario para a realización das actividades
1º, 2º e 3º Trimestre	Programación de pezas de compositores/as galegos/as no repertorio do alumnado	Alumnado GE e GP	100 €	Fotocopias
2º trimestre	Vídeo do poema "Cantarte hei, Galicia" de Rosalía de Castro	Toda a comunidade educativa	90 €	Material de papelería e fotocopias
2º trimestre	Charla compositora Sofía Infante	Toda a comunidade educativa	40 €	Carteis
2º trimestre	Entrevista ao compositor galego Simón García	Toda a comunidade educativa	40 €	Carteis
2º trimestre	Charla-concerto sobre a guitarra galega, a cargo de Isabel Rei	Toda a comunidade educativa e contorna	180 €	Fotocopias e carteis
3º trimestre	Charla de Ermitas García: Mulleres na historia da música	Toda a comunidade educativa e contorna	40 €	Copias
3º Trimestre	Entrevista e concerto a Manuel Cociña	Toda a comunidade educativa e contorna	60 €	Material de papelería e fotocopias

Calendario	Título da actividade	Persoas destinatarias	Orzamento	Material necesario para a realización das actividades
3º Trimestre	Revista <i>Falamus</i>	Toda a comunidade educativa e contorna	600 €	Material de papelería e fotocopias
3º Trimestre	Recital música galega no conservatorio	Toda a comunidade educativa e contorna	60 €	Material de papelería, fotocopias
3º Trimestre	Recital de música galega no Teatro Jofre	Toda a comunidade educativa e contorna	60 €	Material de papelería e fotocopias
3º Trimestre	Concerto de compositores galegos a cargo de Javier Vázquez Grela	Toda a comunidade educativa e a contorna	100 €	Material de papelería
1º, 2º, 3º trimestre	Outras actividades	Toda a comunidade educativa e a contorna	210 €	Material de papelería, fotocopias, carteis e programas
ORZAMENTO TOTAL :			2.000 €	

10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.

Ao longo do proxecto colaboramos coas seguintes institucións:

- CIFP Leixa: Realizaremos unha edición especial da revista *Falamus* sobre o proxecto, coa colaboración co CIFP Leixa, Centro Integrado de Ciclos Formativos da rama de Artes Gráficas de Ferrol.
- Concello de Ferrol: O 17 de maio, o CMUS Xan Viaño desprazarase ata o teatro Jofre de Ferrol, para compartir coa cidade de Ferrol o seu proxecto. A entrada será libre ata completar a capacidade.
- CMUS Xoán Montes de Lugo: O 16 de decembro celebrouse o concerto *Resoando no pasado* de Abraham Cupeiro, en colaboración co EDLG do Xoán Montes de Lugo.
- ANPA do CMUS Xan Viaño. Mantemos unha continua comunicación coa ANPA do conservatorio, queje colabora co proxecto O galego é música durante todo o curso.

11. Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

Realizaremos as seguintes accións como medidas de difusión do proxecto:

- Publicacións actualizadas do proxecto, tanto en redes sociais como en blogs e na páxina web. Encargaranse de manter actualizadas as novas dúas persoas do grupo de traballo.
- Comunicación constante co claustro do profesorado, a través de mensaxes electrónicas, nas que se informa das actividades próximas e convida á colaboración do profesorado e do alumnado.
- Comunicación periódica coa prensa e radio de Ferrol, para informar das actividades e concertos no centro.
- Publicación na revista escolar *Falamus* (dixital e papel).

Empregaremos as seguintes canles ou vías, medios e formatos:

- Redes sociais: Facebook e Instagram.
- Blog EDLG *Amodiño ma non troppo*. <https://xanvianolinguagalega.blogspot.com>
- Canle de YouTube.
https://www.youtube.com/channel/UCm8rGHWX3_f6BtoqcodBnlQ
- Páxina web do centro. <http://www.edu.xunta.gal/centros/cmusxanviano/>
- Aula virtual. <http://www.edu.xunta.gal/centros/cmusxanviano/aulavirtual/>

- Mensaxes electrónicas.
- Teléfono, WhatsApp.
- Medios de comunicación: Prensa e radio.

11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

O grande alcance de O galego é música supón o enriquecemento musical e lingüístico de toda a comunidade educativa. Todo o alumnado do centro, tanto de GE como GP, está inmerso neste e conta coa axuda e implicación do profesorado. Buscarase así mesmo que participe a comunidade educativa e contorna, máis aló do ámbito puramente académico e, de feito, todos os concertos e conferencias son abertas ao público. Ao publicar todo o acadado nas redes sociais, xornais, blogs etc. daráselle unha maior proxección a este proxecto de dinamización lingüística e valorarase a nosa lingua galega e favorecerase o seu uso.

12. Plan de avaliación

Ao longo do curso, iremos analizando e recompilando información para comprobarmos que o proxecto vai avanzando, detectarmos os posibles problemas e observarmos se os obxectivos se van cumprindo.

A través de enquisas de satisfacción entre o profesorado, alumnado e familias, coñeceremos o grao de consecución dos obxectivos e o nivel de satisfacción da comunidade escolar nos diversos ámbitos.

Tras a avaliación, poderemos comparar a situación da que partía o noso conservatorio (enquisa do uso do galego a principio de curso) cos resultados finais (nova enquisa entre a comunidade escolar), comprobar o impacto que tivo o noso proxecto e analizar as propostas de mellora que deben ser aplicadas para fomentarmos o uso da lingua galega.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Para determinarmos o logro dos obxectivos formulados neste proxecto, debemos observar os indicadores de resultados vinculados a cada acción proposta do apartado anterior de actividades do proxecto.

Realizaremos unha avaliación xeral do proxecto e unha avaliación da consecución dos obxectivos do proxecto.

Faremos unha avaliación inicial a principio de curso e unha avaliación procesual ao remate de cada actividade realizada, a través das producións do alumnado, enquisas de satisfacción e idoneidade de cada actividade, cadros de observación etc.

Realizaremos unha avaliación final ao rematar o proxecto para determinarmos a consecución dos obxectivos propostos, a través de cuestionarios do uso do galego, enquisas de satisfacción, informes, memorias etc.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Unha vez rematado o proxecto O galego é música, os resultados da avaliación serán analizados para coñecermos o impacto que tivo o proxecto na nosa comunidade educativa. Para esta análise, realizaremos unha nova enquisa e compararemos os resultados coa realizada a principios de curso no mes de novembro. A través tamén das memorias de final de curso, constataremos se se acadaron os resultados previstos. O noso proxecto foi deseñado para fomentar o uso da lingua na comunidade educativa do CMUS Xan Viaño, de maneira que as iniciativas son sempre abertas ás familias e tamén ao resto de poboación da contorna.

